

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES EN DATA 22 DE DICIEMBRE DE 2022

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogo de Alternativa dos Veciños presentado por escrito

“Xa fai bastantes meses que plantexamos a idea de plasmar cun código qr (por sinxelo) ou similar, no parking de autocaravanas, para facilitar o acceso á información turística do municipio.

E, a pesar de ser recollido, non vemos avance nunha acción tan sinxela.

Polo que novamente volvemos a rogar que se dote dalgún tipo de soporte para que os visitantes poidan acceder moi sinxelamente á información municipal”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Boga Moscoso quen, unha vez concedido, di que é certo que naquela ocasión se aceptou o rogo; que falou co informático e dixo que non había problema, pero que estaba ocupado coa páxina web; di que pide desculpas por non estar feito.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

Rogo-pregunta oral do PP

“Hai veciños de Brexo e de Bribes, que solicitaron, non sabe se oralmente ou por escrito, a correcta sinalización de todo o municipio e, sobre todo, destas dúas parroquias e pregunta se teñen coñecemento disto.”

Concedido o uso da palabra ao Sr. Boga Moscoso di que están sinalizadas.

O Sr. Abalo Cástex manifesta que o que lle din é que non é correcta a sinalización.

Rogos de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1.- Ante o anuncio do goberno municipal da creación dunha nova área canina e visto o pouco interese mostrado nas existentes, porque non hai máis que visitalos para ver que dan servizo moi “escuetamente”. E veciñanza que emprega os mesmos trasladan a dificultade de transitalos e pouco equipamento do que dispoñen.

Rogamos se melloren as áreas caninas existentes na Barcala e Temple.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo; indica que na zona da Barcala non fai moito tempo se instalou unha zona de descanso para os usuarios.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1.- Ante o anuncio do goberno municipal da creación dunha nova área canina e visto o pouco interese mostrado nas existentes, que ben poderían ser calquera cousa menos parques para cans, queremos preguntar polos prazos previstos?.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, di que se van actualizar os prezos e posteriormente licitar.

“2.- Despois de coñecer que as palmeiras do paseo marítimo estaban afectadas por unha praga, a nosa pregunta é como evolucionou a situación ata o día de hoxe?.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, di que actualmente se está a levar un seguimento por parte da empresa que fixo o tratamento de todas as palmeiras.

“3.- Despois de que este grupo municipal recibise diversas queixas pola iluminación pública e as súas deficiencias e falta de seguridade en xeral (tapas de rexistros eléctricos abertas e puntos sen luz que levamos denunciando estes anos), este grupo pregunta cales foron as accións desenvoltas no último ano ao respecto?.”

O Sr. presidente intervén e di que, como non están presentes a Sra. Pestonit Barreiros e o Sr. Garcia Patiño, a esta pregunta se lle contestará por escrito.

Rogo de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1.- No pasado consello escolar foi plantexada a problemática de índole psico-social (ansiedade, estrés...) que se están atopando nos centros de secundaria coa xuventude. O que parece que se fixo respecto á consulta plantexada é derivar os casos detectados a servizos sociais, o cal resulta unha acción, entendemos, dentro da normalidade dos servizos sociais primarios.

Motivo polo cal, rogamos se prevea algún programa ou actividade co obxectivo específico de atallar o asunto dende outros departamentos.”

O Sr. presidente intervén e di que, dada a ausencia do Sr. Gutiérrez Nieto, o contestará por escrito.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1.- Despois das pasadas protestas do persoal de axuda a domicilio e que se manifestaran ás portas do Concello, preguntamos se as reivindicacións das persoas traballadoras no servizo foron resoltas?”

Concedido o uso da palabra á Sra. Sanguñedo Álvarez di que a folga foi xeral en toda Galicia polo tema do convenio, di que o concello non ten competencias para resolver sobre o convenio e o que se fixo dende o Concello foi apoiar esas reivindicacións para mellorar o convenio.

“2.- Vendo as actividades deportivas postas en marcha para este ano, e a pouca oferta de actividades interxeracionais, facendo unha comparativa con outros anos a pregunta para realizar é: O motivo da redución tan drástica de actividades, así como o aforro económico que supón ao concello?”

O Sr. presidente intervén e di que entende que non existe tal redución drástica; que polo que respecta da oferta do 2021-2022, soamente se eliminou unha actividade, en concreto, unha actividade de tenis, ao non ter solicitudes; di que ademais se aumentaron o número de prazas ofertadas, polo tanto, non ve redución de actividades; di que polo que respecta ao aforro económico, dado que non se aumentou nin diminuíu o número de actividades non hai aforro nin aumento de gasto por parte do concello.

“3.- Algo que nos chama a atención é a licitación do complexo deportiva da Barcala que sucesivamente vai quedando sen adxudicatario cos consecuentes trastornos que iso pode ocasionar e que non deixa de ser rechamante e curioso á vez. A nosa pregunta é por que está a ocorrer isto?”

O Sr. presidente intervén e di que ata onde el sabe, soamente quedou deserto unha vez que foi no ano 2022; di que o feito que ocorreu foi o encarecemento do custo dos materiais de construción derivados da invasión rusa a Ucraína coa consecuente guerra; que todos somos conscientes que isto aconteceu a todos os proxectos públicos e privados; di que a día de hoxe hai un licitador presentado a esta obra dentro do prazo establecido.